



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA , A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE A VEIGA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ CONSTRUCCIÓN DO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO NA VEIGA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto Enerxético de Galicia, A Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de cooperación interadministrativa para a construción e posta en funcionamento do proxecto denominado “ Observatorio Astronómico de A Veiga” , con criterios de eficiencia enerxética e de loita contra a contaminación lumínica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O concello da Veiga, iniciou no ano 2014 o proceso de inscrición, realización de auditoría e posterior certificación da Veiga como Destino Turístico Starlight , financiado polo Deputación Provincial de Ourense.

O Concello da Veiga, con data do 16 de xullo de 2016 converteuse na primeira institución pública de Galicia que asumiu a “ Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o





dereito á luz das estrelas “ Declaración de La Palma 2007, converténdose no primeiro territorio galego que acadou a certificación de “ Destino Turístico Starlight” .

Posteriormente o Parlamento de Galicia, con data do 29 de setembro de 2015 asumiu na súa integridade a “ Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas” Declaración de La Palma 2007, asumindo de maneira explícita :

“ 1) O dereito a un ceo nocturno non contaminado que permita gozar da contemplación do firmamento debe considerarse un dereito inalienable da Humanidade, equiparable ao resto dos dereitos ambientais, sociais e culturais.

2) A difusión da astronomía e dos valores científicos e culturais asociados deberán considerarse contidos básicos a tratar na actividade educativa.

3) É imprescindible o control da contaminación luminosa en todo o territorio galego dado o impacto que xera sobre moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Deberá promoverse e esixirse o uso racional da iluminación artificial para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a nociva intrusión de luz sobre os seres humanos e o medio natural.

4) Os lugares que presenten condicións excepcionais para a contemplación do ceo, e en particular aqueles máis aptos para a observación con fins científicos, serán obxecto dunha protección especial.

5) Deberá fomentarse o turismo responsable e sostible que faga da paisaxe nocturna un recurso a protexer e poñer en valor. “

Segundo.- As administracións asinantes do presente Convenio consideran necesario establecer unha alianza de conservación e desenvolvemento , dende as súas diferentes responsabilidades , para promover :

* A protección do medio ambiente nocturno, combinando os excepcionais valores naturais e paisaxístico coa protección contra a contaminación lumínica coma factor clave na súa función de conservación da natureza, por canto os efectos negativos causado pola intrusión de luz artificial afectan gravemente a especies, hábitats e ecosistemas.

* O uso racional da iluminación artificial , asegurando un uso eficiente da enerxía e poñendo en práctica medidas contra a contaminación lumínica evitando impactos innecesarios contra a vida na natureza.





* A promoción e o recoñecemento dos ceos nocturnos coma recurso a valorar na actividade turística , apoiando o desenvolvemento do “ Destino Starlight” e de novos produtos turísticos responsables sustentados na observación do firmamento, as estrelas e os fenómenos da noite.

* A difusión e promoción dos recursos culturais, científicos e naturais vinculados a astronomía, por ter representado un elemento esencial no desenvolvemento de todas as culturas e civilizacións e nos moitos avances científicos e técnicos que definen o progreso.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello da Veiga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

